

fáleme  
en galego

Tes dereito  
a unha atención  
en galego

**A MESA**

POA  
NORMATIZACIÓN  
LINGÜÍSTICA


[www.amesanl.org](http://www.amesanl.org)



**Concello da Coruña**  
Concellaria de Mocidade, Solidariedade e  
Normalización Lingüística



“seria tan amábel de...”



“fariame o favor de...”



“desculpe, importaría...”



“se non lle importa, p...”

“...podería...”

Se non che  
falamos galego,  
podes  
solicitárnolo  
cun **SORRISO**



“por favor, podería...”

Todas as persoas temos dereito a ser atendidas oralmente en galego en calquera administración (o Concello, a Axencia Tributaria etc) ou empresa pública (RENFE, Correos etc), tanto se estamos presencialmente como se realizamos as Xestións a través do teléfono.

Isto quere dicir que temos dereito tanto a falar en galego como, o que é moi importante, a que o traballador ou a traballadora que nos atenda tamén nos responda nesta lingua.

Fáleme  
en galego

É un dereito da cidadanía que a Administración ten obriga de garantir. Porque o galego é a lingua propia de Gallaiza. Porque o galego debe ser oficial a todos os efectos. Porque calquera persoa debe ter garantido o dereito a poder desenvolver a súa vida en galego.

No caso de non nos atenderen inicialmente en galego, o mellor que podemos facer é solicitalo cun

sorriso:

**“Por favor, podería atenderme en galego?”**

Esta solicitude pode acompañarse, se for oportuno, do recordatorio de que se trata dun dereito amparado pola lexislación (a lei 7/2007).

Se a traballadora ou o traballador da Administración ou da empresa pública pasa a falar nos en galego, cómpre agradecerlle a súa amabilidade cando finalizemos a nosa xestión.

Porén, se mesmo despois de o solicitarmos, non podemos continuar coa xestión en galego, o mellor é non entrarmos en discusións de ningún tipo nin perder os nervios ou o tempo.

Trátase simplemente dun dereito e de que hai que aplicar a lei.

fácil  
en g

Unha opción neste caso é solicitar que nos atenda outro traballador ou outra traballadora que si saiba galego. Se iso non for posíbel ou implica tempo de agarda ou algunha outra dificultade, podemos continuar coa xestión e, posteriormente, realizar unha queixa por escrito na Administración ou empresa correspondente.

em  
alego

Ademais, podemos chamar á **Líña do Galego** no **902 10 64 74**, un servizo de recepción de queixas sobre vulneración de dereitos lingüísticos, tamén dispoñíbel no correo-e **linhadogalego@amesanl.org**.  
Informando a este servizo sobre o sucedido, poderanse tomar as medidas para que o conxunto da Administración e das empresas públicas respecten este dereito.